




Giuseppe Garibaldi
(1807 – 82)

Nacionalismo: Unificación de Italia e Alemania



Otto von Bismarck
(1815 – 98)

Nacionalismo.

“Unha nación é a asociación de todos los homes que, agrupados pola lingua, por certas condicións xeográficas ou polo papel desempeñado na historia, recoñecen un mesmo principio e marchan, baixo o impulso dun dereito unificado, á conquista dun mesmo obxectivo definido. (...)
A patria é, ante todo, a conciencia da patria.”

(Mazzini: ¿Qué é unha nación?, 1850)



Giuseppe Mazzini (1805-72),
Filósofo e político italiano

“A nación é unha alma, un principio espiritual (...).
Unha nación é unha gran solidariedade creda polo sentimento dos sacrificios que se fixeron e que se está disposto a facer no futuro.

Supón un pasado, pero retómase no presente mediante un acto tanxible:
O consentimento, o desexo claramente expresado de continuar a vida en común.
A existencia dunha nación é un plebiscito cotían “

(Renan; Qué é unha nación?, 1812)

Joseph Ernest Renan (1823 – 92),
escritor, filólogo, filósofo e historiador francés.



Nacionalismo. Concepto

Os cambios ideolóxicos propostos por



- pensadores ingleses do S XVII
- pola Ilustración no S XVIII
- o Liberalismo burgués nas revolucións políticas:



- desde a independencia de EEUU en 1776 ou a Rev Francesa de 1789
- ata as vagas revolucionarias do S XIX (1820 – 1830 – 1848)



estiveron ligadas ó concepto de nación por principio, pois opoñían:



- poder absoluto do monarca e a lexitimidade dinástica do mapa europeo
- á soberanía nacional, que emanaba de todos os cidadáns.

A nación concíbese coma unha comunidade con conciencia de compartir un pasado, unha cultura, un territorio e una lingua comúns, e con ambicións de plasmalo no terreo político mediante a súa identificación cun Estado.

Unha corrente xeralizada en Europa coincide en apelar ó sentimento nacional para buscar a independencia fronte ó poder dos Imperios e intentar salvar os obstáculos para acadar ou reforzar a unidade política da nación.

Nacionalismo. Tipos

Disgregadores

Pobos sometidos á dominación estranxeira, que buscan a emancipación, a independencia e a creación dun Estado propio:

- polacos, dominados por Rusia
- eslavos, maxiars e zonas do norte de Italia, dominados polo imperio austrohúngaro
- pobos balcánicos (romanese, búlgaros, serbios, bosníacos, macedonios, albaneses, ...), dominados polo imperio turco otomano.



Escudo
Imperio
Austrohúngaro

Integradores

Procesos de unificación de numerosos estados en realidades máis amplas.

É o caso de:

Italia
Alemania



Guillermo I



Garibaldi

Europa 1815





Fonte: Proxecto Kairós

Unificación Italiana: 1859 -70

Risorgimento

- ✓ Movimiento liberal e nacionalista italiano que ten coma obxectivo a unidade italiana partindo do reino do Piamonte.
 - ✓ Proceso de afirmación cultural e política que levará á unificación e creación dun estado liberal en Italia en trono ó reino do Piamonte é ó seu rei Víctor Manuel.
 - ✓ Antecedentes:
 - sentimento nacionalista de unidade italiana durante a conquista napoleónica
 - Revolución de 1848 (A Primavera dos Pobos)
 - ✓ Grupo de intelectuais como Cesare Balbo, Massimo D'Azzeglio, Camilo Di Benso (Conde de Cavour)
-



Posturas ante a unificación

- Sectores conservadores (burgueses, industriais, nobres coma Cavour):
 - Federación de estados presidida polo papado
 - Clases populares, dirixidas por Mazzini ou Garibaldi:
 - República democrática.
 - Oposición: imperio austríaco
-

Reino de Piamonte-Sardegna

- Monarquía constitucional e territorio italiano con máis desenvolvemento económico.
- Motor da unidade co rei Victor Manuel e o seu 1º ministro Conde de Cavour.
- Busca apoio internacional contra o poder austríaco: Francia (Napoleón III)

Batalla de Magenta



Batalla de Solferino



1859:

- Derrotas asutriacas de
 - Magenta (1858) e Solferino (1859)
 - Incorporación de Lombardía (Milán)

1860:

- Unidade Norte Italia:
 - Parma, Módena, Toscana e parte dos estados Pontificios
- Incorporación Sur de Italia:
 - Camisas Vermellas de Garibaldi conquista o reino das Dúas Sicilias



1861:

- O parlamento de Turín proclama a Víctor Manuel rei de Italia

1866:

- Anexión de Venecia

1870:

- o exército ocupa a Roma papal e establécese alí a capital



Unificación alemá: 1864 -71

Antecedentes

- **Sentimento nacional alemán:**
 - Raíces na Ilustración e no romanticismo polo pasado imperial alemán medieval
 - Potenciado pola revolución Francesa
 - Avivado pola revolución de 1848
- Presenza arredor da Confederación de estados alemáns de:
 - **Norte: Prusia**
 - **Sur: Austria**
- **Zollverein (1834):** unión aduaneira dos estados alemáns do norte, liderada por Prusia.
- O **reino de Prusia** tomou a iniciativa da unificación: **Guillermo I e Otto von Bismarck** (primeiro ministro)



Guillermo I
1797-1888



Bismarck
1815 - 98

Proceso de unificación:

• **1864:** Guerra contra Dinamarca :

- polos ducados de Schleswig e Holstein.

• **1866:** Guerra contra Austria :

- Polo control do Norte con Austria.
- Prusia móstrase superior política e militarmente a Austria



Batalla de Sadowa (1866)



Fonte: Kalipedia

• **1867:** Confederación da Alemaña do Norte:

Prusia e 21 estados alemáns con 2 cámaras:

- **Bundesrat (Consello)**: representación dos estados federados
- **Reichstag (Parlamento)**: deputados elexidos por sufraxio universal masculino

• **1870:** Guerra contra Francia: conquista de Alsacia – Lorena , na fronteira entre os 2 países.

• **1871:** proclamación en Versalles do Imperio Alemán: o II Reich